Texto 9

Vento mareiro

ACCIÓN GALLEGA

Hino

¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos!
¡Dende Ortegal ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrilar!

Que vexa a vila podre,
coveira da canalla,
á Aldea que traballa
disposta pra loitar.

Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra a sangre a regos
dende a montana ó mar.

¡Ergámonos sin medo!
¡Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazo siñorial!

Xa o fato de caciques,
ladróns e herexes, fuxe
ó redentor empuxe
da alma rexional.

Antes de sèr escravos,
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra a sangre a regos
dende a montana ó val.

Texto 10

Da terra asoballada

¡EN PÉ!

¡Irmáns! En pé sereos,
a limpa frente erguida,
envoltos na brancura
da luz que cai de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga,
e nunha man a fouce
e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e branca,
arredor da bandeira da Galicia,
cantémo-lo dereito
a libre nova vida!

Validos de treidores
a noite da Frouseira
á patria escravizaron
uns reises de Castela.
Comestas polo tempo,
xa afloxan as cadeas...
¡irmáns asoballados
de xentes estranxeiras,
ergámo-la bandeira azul e branca!
¡E ó pé da enseña da nazón galega
cantémo-lo dereito
a libertar a Terra!

¡Irmáns no amor á Suevia
de lexendaria historia,
¡en pé! ¡en pé dispostos
a non morrer sin loita!
¡O día do Medulio
con sangre quente e roxa
mercámo-lo dereito
a libre, honrada chouza!
¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!
¡A oliva nunha man, a fouce noutra,
berremos alto e forte:
«¡A nosa terra é nosa!»!

Texto 11

Da terra asoballada

O CARBALLO

Cando soio, ó serán, vou paseniño
cara ó fogar, de volta do traballo,
sempre detén meus ollos un carballo
ergueito nun mallón, sobre o camiño.

Lanzal o tronco, as ponlas alongadas,
o follaxe en dosel, forte, senlleiro,
ten a medosa traza dun guerreiro
vixiante de castros e valgadas.

Ó chegar ó pé del na atardecida,
da lexendaria edade saudoso,
quixérao ver cadeira frorecida

dun rei celta, barbudo, fazañoso,
ou soleada, verdecente ermida
dun santiño aldeán e miragroso.

Texto 12

Na noite estrelecida

A ESPADA ESCALIBOR (fragmento)

É o pobo que, levado das iras do Destiño,
seguindo o rumbo fúlxido do sol no seu
camiño,
tramontando da Europa as fragorosas
serras,
dende os castros azúes e as verdecentes
terras
das fontes do Danubio, inquedado, esitante,
atravesou a canle do bravo mar de Atlante
e arribóu ós rochedos que o misterioso
druida
siñalara por lindes da terra prometida,
da terra en que repousa afiando as espadas
para as novas, bariles e sangrentas
xornadas;
que os gaélicos bardos das arpas
armoñosas
xa anunciaron os tempos das loitas fazañosas.

Texto 13

Na noite estrelecida

O SONO DO REI ARTUR (fragmento)

Os vellos servidores e os nobres fazañosos
escoitan ó Rei santo trementes e chorosos
e un sopro de misterio de iñorada fragancia
bica as frentes reiales, revoando na estancia.
¡Galahaz, docemente, diante o Rei axoella
e lle amostra dos ollos a esmeralda onde
espella
crara, fúlxida, viva, con ardor de luceiro,
a visión miragrosa do día do Cebreiro:
o cáliz que lampexa fulgor de eternidade
e a pomba renascente da diviña Saudade!

Texto 14

A rosa de cen follas

III

Naceume unha fror no peito,
no furo sombrizo e estreito
crece que dá groria ver.

É bermella. ¡Foi tinguida
polo sangue da ferida,
que rachou para nacer!

Texto 15

Versos de alleas terras e de tempos idos.

Sentirás un bater seco, inquedante,
si pós a man enriba do meu peito:
é un carpinteiro que non fondo, arfante,
labra meu cadaleito.

Bate que bate, con tenzón avesa,
non o podo aturar nin repelir ...
¡Acaba, carpinteiro, acaba apresa
e déixame durmir!

(Versión galega dun poema de Heine)